FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Webb: www.fcgalega.com

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
DEPORTE GALEGO

DOCUMENTACIÓN RELATIVA A LOS PUNTOS A TRATAR EN EL ORDEN DEL DIA

ASAMBLEA GENERAL 12-12-2026

Punto nº 3 da Orde do Día

A. SUBVENCIÓN DE VOOS E CARGOS AOS CLUBS (punto ampliado con data 24-11-2026)

Proponse manter o mesmo sistema aplicado nestes dous últimos anos ou a posibilidade de introducir algunha modificación ou mellora neste sistema (por exemplo, modificar a porcentaxe de subvención por cada fase).

B. CUSTO ECONÓMICO DA EXPOSICIÓN REXIONAL E COMO SUFRAGAR ESTES GASTOS (punto ampliado con data 24-11-2026).

A Exposición Rexional é un evento deportivo planificado que debe abordarse no aspecto económico para os anos vindeiros, de xeito que non afecte negativamente á conta de perdas e ganancias da Federación. Para resolver esta incidencia proponse:

> 1.- No caso de que a Asemblea Xeral aprobe a continuidade da Exposición Rexional, e como evento deportivo planificado, unha vez finalizada a tempada deportiva e realizada a exposición, **se o custo final da exposición superase o importe orzamentado para a mesma, o exceso** repercutirase aos clubs mediante un cargo a cada un deles, en función do nº de licenzas absolutas de cada club. Tendo en conta que o beneficio da Federación ao final de ano debe ser «cero», descontarase deste cargo o resultado positivo do exercicio, se o houbes

Punto nº 6 da Orde do Día.

CONTINUIDADE DO MANTEMENTO DA PÁXINA WEB DA FCG POR TASH TEAM SL.

TASH TEAM SL mantén a páxina web da Federación dende que a Asemblea Xeral Extraordinaria o aprobou o 27 de xaneiro de 2024 (Acta 1/2024). Nese momento o actual Presidente, D. Paulo Sebastián Navarro, socio da empresa, non tiña ningunha intención de presentarse ás eleccións. Dende a súa elección o 26 de outubro de 2026, a empresa pasa a ser unha parte vinculada á Federación. O art. 13.3 dos Estatutos establece que todos os cargos son honoríficos e que calquera compensación económica a un membro da Xunta Directiva necesita o acordo expreso da Asemblea por maioría absoluta e unha partida separada no orzamento. Por iso, e por transparencia, este punto sométese á Asemblea.

Para a continuidade do servizo, o Presidente propón baixar o prezo a 1.100 € ao ano. A empresa asumiría ademais o custo do nome de dominio e do aloxamento, que ata agora

pagaba a Federación. O importe figuraría no orzamento nunha partida propia, «Mantemento web – TASH TEAM SL», e non se pagaría en ningún caso con subvencións públicas.

A Asemblea pode decidir unha destas dúas opcións:

- Se se aproba a continuidade, as facturas de TASH TEAM SL autorizaranas o Tesoureiro e o Vicepresidente, non o Presidente.
- Se non se aproba, a Xunta Directiva buscará outro provedor co teito de gasto que fixe a propia Asemblea. A Federación volverá pagar o dominio e o aloxamento.

O Presidente cede a dirección deste punto ao Secretario (ou ao Tesoureiro). Permanecerá na sala sen participar na votación, e así constará na acta.

FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Webb: www.fcgalega.com

Punto nº 7 da Orde do Día.

CAMBIO DO PROGRAMA COLOMS POR PIGEONPRO E APROBACIÓN DA SÚA PERSONALIZACIÓN

Ata agora a FCG utilizou o programa Coloms para ler os reloxos e elaborar as súas clasificacións, cun custo anual de 1.500 € (100 € por club).

Dende hai un ano, a RFCE ofrece o programa **PigeonPro de xeito totalmente gratuíto, sen cotas anuais**. Cumpre as mesmas funcións ca Coloms e **funciona cos reloxos homologados pola RFCE**. A integración dos reloxos Mega estase a ultimar entre a RFCE e o fabricante. Ademais, PigeonPro xa é o programa obrigatorio para as carreiras e campionatos nacionais (art. 34.2 do Regulamento Deportivo Nacional).

Para poder facer en PigeonPro as clasificacións propias da nosa Federación é necesario facer unha personalización, que **se paga unha soa vez**. Despois, o programa segue a utilizarse **sen ningún custo**.

O cambio facilitará o traballo dos clubs, axilizará os encestes e a apertura dos reloxos, e dará máis seguridade á competición, porque se empregará o mesmo programa nas carreiras rexionais e nas nacionais.

Proposta de acordo:

1. Deixar de utilizar Coloms dende a tempada 2027 e empregar PigeonPro para os encestes, a apertura de reloxos e as clasificacións da FCG.
2. Aprobar a personalización de PigeonPro para crear as clasificacións propias da FCG, como pagamento único.
3. Aprobar a modificación do Regulamento Deportivo da FCG mediante a incorporación do seguinte artigo **(punto ampliado con data 24-11-2026)**

> **Artigo 16º.1 :** No momento do enceste, os clubs rexistrarán no programa oficial de encestes e clasificacións da FCG o número de cesta no que vai cada pomba. Este rexistro servirá de base para aplicar o artigo 55º no caso de cestas non ceibadas ou ceibadas fóra da hora de solta.
> Disposición transitoria: este artigo aplicarase a partir da temporada deportiva 2027.

Estamos á espera do orzamento dos informáticos da RFCE para a personalización. O importe enviarase coa documentación do punto ou, como moi tarde, presentarase na Asemblea antes da votación.

Convidamos a todos os clubs e colombófilos a apoiar este proxecto e a facer o esforzo de ter os seus reloxos actualizados, asegurados e conformes ao regulamento. É un paso cara a unha etapa máis moderna, que nos traerá un aforro común e mellores condicións para xestionar as carreiras.

FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Webb: www.fcgalega.com

Punto nº 8 da Orde do Día.

USO OFICIAL DA APP CLOOX PARA A XESTIÓN DE SOLTAS, CENSOS E CHEGADAS

Antecedentes
Dende 2024 a FCG conta cunha aplicación, daquela chamada fcgalega, para anunciar as chegadas de Gran Fondo. Na tempada 2026 pasou a chamarse ClooX e incorporou novas funcións. Durante todo este tempo ofreceuse á federación de xeito gratuíto e sen ánimo de lucro, co único fin de facilitar o traballo de clubs e columbófilos.

Que ofrece

- Consultar ao momento a hora de solta de cada provincia.
- Comunicar o censo antes do enceste.
- Comunicar as chegadas das pombas, sobre todo en Gran Fondo.
- Ver os resultados en directo mediante unha clasificación provisional por provincias, que non é oficial.

Por que convén continuar

- **Está probada:** úsase dende 2024 en soltas reais.
- **Non custa nada:** a FCG obtén unha ferramenta de xestión sen gasto.
- **Máis rapidez:** a información de soltas e chegadas chega a todos ao instante.
- **Mellor organización:** centraliza os datos e alixeira o traballo da Comisión Deportiva e da secretaría.

Proposta: aprobar ClooX como ferramenta oficial de xestión da FCG.

ClooX é só unha ferramenta de apoio da federación:

- Non substitúe o programa da RFCE nin os programas de clasificación oficiais.
- A súa clasificación é provisional e non ten validez oficial.
- Os anuncios de soltas e as clasificacións oficiais seguirán publicándose na web www.fcgalega.com, tal como establece o Regulamento Deportivo da FCG (arts. 23 e 65).

FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Webb: www.fcgalega.com

Punto nº 9 da Orde do Día.

MODIFICACIÓNS AO REGULAMENTO DEPORTIVO PARA A TEMPORADA 2027

a).- Modificación dos artigos 6 e 7 do Regulamento Deportivo: vacinación e responsabilidade sanitaria dos colombófilos.

Co novo Programa Sanitario da RFCE, cada colombófilo pode solicitar de balde as receitas para vacinar desde a súa conta persoal de PigeonPro. Por iso proponse que, desde a tempada 2027, a FCG deixe de adquirir e subministrar vacinas, e que cada colombófilo sexa responsable do estado sanitario das súas pombas. Antes do primeiro enceste, cada un acreditará a vacinación contra a paramixovirose cun certificado veterinario ou cunha declaración xurada segundo o modelo da FCG. Achéganse o novo texto dos artigos 6 e 7 e o modelo de declaración:

> **Artigo 6º.-** Cada colombófilo é responsable do estado sanitario e da vacinación das súas pombas. A FCG non adquire nin subministra vacinas. Para participar nos concursos e exposicións será necesario presentar, antes do primeiro enceste da tempada, un certificado veterinario ou unha declaración xurada do colombófilo que acredite que as súas pombas están vacinadas contra a paramixovirose, segundo o modelo da FCG.
>
> **Artigo 7º.-** O colombófilo responde persoalmente das consecuencias sanitarias, deportivas e económicas derivadas do estado das súas pombas e da veracidade da súa declaración. As medidas que dite a autoridade sanitaria serán de aplicación directa.

b).- Proposta de modificación do artigo 8 do Regulamento Deportivo para que a participación na Exposición Galega sexa voluntaria. Aprobación (se procede).

O artigo 8 do Regulamento Deportivo condiciona a participación dos clubs nos campionatos da FCG á súa presenza na Exposición Galega. A experiencia indica que esta obriga xera rexeitamento e non favorece unha participación de calidade. Ademais, outras federacións autonómicas non obrigan os seus federados a expoñer e concorren igualmente á Exposición Nacional.

A FCG ten a función de promover a colombofilia “en todas as súas facetas” (art. 4.1.g dos Estatutos) e os federados teñen dereito a participar nas actividades federativas (art. 18.2). Por iso sométese á Asemblea Xeral o modelo que debe rexer en adiante, a escoller entre as tres opcións seguintes. O financiamento será o que a Asemblea Xeral aprobe no orzamento anual.

Opcións que se someten a votación:

Opción A. Manter o réxime actual.
A FCG segue a convocar a exposición e a participación segue a ser requisito para concursar nos campionatos da FCG. O artigo 8 non cambia.

FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Webb: www.fcgalega.com

Opción B. Convocatoria con participación voluntaria.
A FCG segue a convocar a exposición e **participar pasa a ser voluntario**. O artigo 8 quedaría así:

> Artigo 8º.- A participación na Exposición Galega da Pomba Mensaxeira terá carácter voluntario para os clubs e os seus socios, e en ningún caso constituirá requisito para concursar nos campionatos deportivos da FCG.

a. A exposición financiarase coa partida que, de ser o caso, aprobe a Asemblea Xeral no orzamento anual.

b. As pombas seleccionadas na exposición representarán a Galicia na Exposición Nacional da RFCE, conforme ao artigo 9º e ao disposto no Regulamento Deportivo da RFCE.

Opción C. Non organizar a Exposición Galega e celebrar unha xornada colombófila con entrega de premios.
A FCG deixa de organizar a exposición. O orzamento resérvase para os trofeos e a entrega de premios da tempada. A FCG organizará un lugar de encontro para gozar dunha xornada colombófila e entregar os premios. O artigo 8 quedaría así e o artigo 9 quedaría derrogado:

> Artigo 8º.- A FCG non organizará a Exposición Galega da Pomba Mensaxeira. A partida que, de ser o caso, aprobe a Asemblea Xeral no orzamento anual destinarase aos trofeos e á entrega de premios da tempada. A FCG organizará un lugar de encontro para a celebración dunha xornada colombófila e a entrega de premios.
>
> Artigo 9º.- (Derrogado). ***Nota: si se celebra la exposición, de la manera que sea, no se puede derogar este artículo***.

c).- Proposta de modificación dos artigos 22º.4, 55º e 61º do Regulamento Deportivo (no que afecta ao normal desenvolvemento das soltas). Aprobación (se procede).

> **Artigo 22º.4 (agregar):** *A solta é válida para as pombas ceibadas á hora de solta e dentro do horario do artigo 21º. As ceibadas fóra da hora de solta non computarán para o campionato do que se trate.*
>
> ***Artigo 55º (proposta de modificación do 26/11/2026):*** *As pombas que non fosen ceibadas, ou o fosen fóra da hora de solta, consideraranse non participantes nesa solta. Cando a non solta derive da decisión do seu club conforme ao artigo 22º, apartados 1 e 2, considerarase non participación do pombal.*
>
> **Artigo 61º (agregar):** *Computarase toda solta con transporte efectuado, calquera que sexa o seu resultado ou incidencias.*

FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA
Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Webb: www.fcgalega.com

Punto nº 10 da Orde do Día.

PROYECTO BENZING LIVE GALICIA

Co obxectivo de aproveitar o patrocinio ofrecido por Benzing (200 chips, cun valor aproximado de 342 €), condicionado a que a Federación dea publicidade á marca Benzing nas súas comunicacións, sométese á Asemblea Xeral o seguinte acordo:

ACORDO ÚNICO: Aprobar a implantación do proxecto Benzing Live en Galicia para a tempada 2027 e elixir, nesta mesma Asemblea, unha carreira do calendario rexional como proba puntuable. Nela haberá unha clasificación específica, por velocidade, para os socios que compitan co dispositivo Benzing Live. Puntuará a primeira pomba comprobada das 10 designadas por cada socio.

Os premios, achegados por Benzing, repartiranse así:

Puesto	Chips
1	60
2	45
3	35
4	25
5	20
6	15
Total	200

Desempate: en caso de empate, gaña a pomba que percorrese máis quilómetros ata o seu pombal. Se o empate continúa, resólvese por sorteo ante o secretario da Federación.